

Venres, 9 de xuño de 2023

Núm. 111

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **VIGO**

#### **Persoal, oposicións**

*RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POR LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFATURA DA ÁREA DE CONTRATACIÓN E NOVOS PROXECTOS (1710-110) DO CONCELLO DE VIGO*

#### *ANUNCIO*

*Expte:- 1710-110*

*ASUNTO.- Resolución da convocatoria pública para a provisión, por libre designación, do posto de Xefatura da área de contratación e novos proxectos (1710-110)*

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 1 de xuño de 2023 adoptou o seguinte acordo

PRIMEIRO.- Adxudicar a Beatriz Barbará Rodríguez con DNI \*\*\*9842\*\* o posto de Xefa de área de Contratación e Novos Proxectos (referencia posto na RPT: 2420101)

SEGUNDO.- A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- A resolución da convocatoria publicárase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

CUARTO.- Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

SGF

Vigo na data de sinatura dixital

A Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño (PD Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 6.09.2022)

